

# Ana Romaní e Rivas, premios da AELG

Os escritores Manuel Rivas e Ana Romaní resultaron gañadores dos premios á mellor novela e o mellor poemario editado en 2010 segundo a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), que entregou este sábado os seus galardóns no transcurso da Cea das Letras.

Así, a novela *Todo é silencio*, de Manuel Rivas, foi reconéicida como a mellor obra en narrativa, mentres que *Estremas*, de Ana Romaní, foi galardoada como o mejor poemario en galego de 2010. O seu poemario competía con *Bater de sombras*, de Francisco X. Fernández Naval e *Retro(visor)*, de Antía Otero.

Por outra banda, resultou gañador na categoría de literatura infanto-xuvenil Marcos Calveiro, polo seu libro *O pintor do som-*

*breiro de malvas*; no apartado de ensaio o premio foi para Pilar García Negro, pola súa obra *O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo* e en teatro foi recoñecida a obra *Flores de Dinsianxe*, de Manuel Lourenzo.

Finalmente, tamén foron galardoados Ramón Nicolás, como mellor traxectoria en periodismo cultural; Marga do Val, pola tradución de 'Randea do Alento', de Herta Müller; e Alfredo Ferreiro, polo mellor blog literario -*El levantador de minas*.

Ademais destas categorías, no transcurso da cea entregáronse outros dous galardóns a petición da asemblea de socios e socias da AELG: o premio Institución Cultural, que este ano foi para a Fundación Penzol; por ser un proxecto de país, creado para



Ana Romaní e Manuel Rivas, dous dos gañadores dos premios da AELG. Foto: Gallego

permanecer e dar as novas xeccións o noso legado cultural, e que chanta as súas raíces na necesidade de crear unha biblioteca e un centro de documentación e de estudos da nosa lingua e da nosa literatura. A Fundación Penzol leva achegado ao longo de cañe que medio cento de anos froitos

**O premio Institución Cultural deste ano foi para para a Fundación Penzol por ser proxecto de país**

xenerosos e necesarios á cultura do noso país.

Finalmente, o premio AELG 2011 Escritor Galego Universal foi outorgado ó escritor e premio Cervantes Antonio Gamoneda.

[tendencias@elcorreogallego.es](mailto:tendencias@elcorreogallego.es)

[www.uelcorreogallego.es](http://www.uelcorreogallego.es)